

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

2406 *Real decreto 72/2016, do 19 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 1226/2006, do 27 de outubro, polo que se regulan as actividades e o funcionamento do Fondo para Investimentos no Exterior e do Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa.*

A Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, recolle no seu título V, dedicado á internacionalización da economía española, un conxunto de medidas encamiñadas a facilitar a internacionalización da economía e da empresa española, entendendo como internacionalización o fomento da proxección exterior da economía e da empresa española co obxectivo de garantir un patrón de crecemento económico sustentable. En particular, busca afrontar a dificultade de acceso ao financiamento externo por parte das empresas españolas mellorando o deseño dos instrumentos financeiros públicos dispoñibles no ámbito da internacionalización. Esta lei amplía as posibilidades de actuación dalgúns destes instrumentos de apoio financeiro, particularmente o Fondo para Investimentos no Exterior (Fiex), dirixido ás empresas que non son pemes, mediante a incorporación de diferentes modificacións na súa lei de creación, a Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, co fin de mellorar a súa xestión, eliminar determinadas restricións e ampliar o seu ámbito de actuación, ao permitir a participación en vehículos ou fondos de investimento públicos ou privados que contribúan á internacionalización da empresa ou da economía española. Notablemente abre para o Fiex unha nova oportunidade de prestar financiamento directamente a empresas españolas para a súa internacionalización. Con todo, esta oportunidade referida pola Lei 14/2013 exclusivamente ao Fiex non resultaba de aplicación ás pemes. Como se explica máis adiante, a Lei 18/2014, do 18 de outubro, vén encher este baleiro, ampliando o ámbito de actuación do Fonpeme en liña coas mencionadas modificacións realizadas pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, no Fiex.

A Compañía Española de Financiamento do Desenvolvemento COFIDES, S.A. (COFIDES) configúrase, segundo o artigo 55.1.a).ii) da Lei 14/2013, do 27 de setembro, como un dos organismos financeiros da acción do Goberno en materia de internacionalización. Entre os principais instrumentos de apoio financeiro á internacionalización que na actualidade xestiona COFIDES atópase, ademais do Fiex, o Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa (Fonpeme).

En relación co Fonpeme, a Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, dada a dificultade de acceso ao crédito por parte das pemes españolas, considerou necesario facer extensivo o cambio operado no Fiex ao Fonpeme. Para iso, modifica a lei de creación do Fonpeme, a Lei 66/1997, do 30 de decembro, de modo que se permita financiar de forma directa as empresas españolas con cargo ao Fonpeme, vía capital ou outros instrumentos financeiros participativos, e tomar con cargo ao Fonpeme participacións temporais e minoritarias directas en vehículos ou fondos de capital expansión con apoio oficial ou fondos de investimento privados que fomenten a internacionalización da empresa ou da economía española.

O obxectivo deste real decreto é modificar o Real decreto 1226/2006, do 27 de outubro, polo que se regulan as actividades e o funcionamento do Fondo para Investimentos no Exterior e do Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa, para adaptalo ás novidades que introduce a Lei 18/2014, do 15 de outubro, na lei de creación do Fonpeme.

A reforma que agora se expón é similar á levada a cabo para o Fiex mediante o Real decreto 321/2015, do 24 de abril, que, entre outros, tiña como obxectivo adaptar varios

artigos á reforma introducida na Lei 66/1997, do 30 de decembro, pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización.

Para estes efectos, a disposición derradeira segunda, número 1, da Lei 18/2014, do 15 de outubro, habilita o Goberno e os titulares de todos os departamentos ministeriais, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditaren as disposicións e adoptaren as medidas necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto na dita lei. Doutra banda, a disposición derradeira cuarta, número dous, da Lei 66/1997, do 30 de decembro, autoriza o Goberno, por proposta do Ministerio de Economía e Facenda, actualmente ministro de Economía e Competitividade, para o desenvolvemento dos artigos polos cales se constitúe, entre outros fondos, o Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de febreiro de 2016,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1226/2006, do 27 de outubro, polo que se regulan as actividades e o funcionamento do Fondo para Investimentos no Exterior e o Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa.*

O Real decreto 1226/2006, do 27 de outubro, polo que se regulan as actividades e o funcionamento do Fondo para Investimentos no Exterior e o Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa, queda modificado como segue:

Un. O artigo 7 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 7. Obxectivos e actividades do Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa.

1. De conformidade co estipulado no número un do artigo 115 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, o Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa ten como finalidade promover a internacionalización da actividade das pequenas e medianas empresas e, en xeral, da economía española, a través de participacións temporais, minoritarias e directas no capital social de empresas españolas para a súa internacionalización ou de empresas situadas no exterior e, en xeral, mediante participacións nos fondos propios das empresas mencionadas anteriormente e a través de calquera instrumento financeiro participativo.

Con cargo ao Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa tamén se poderán tomar participacións temporais, minoritarias e directas naqueles vehículos ou fondos de capital expansión con apoio oficial xa existentes ou que se establezan ou fondos de investimento privados, que fomenten a internacionalización da empresa ou da economía española.

2. As achegas realizadas por conta do Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa en empresas españolas ou en empresas constituídas no exterior poderán tomar a forma de participacións en capital ou outros instrumentos participativos.»

Dous. O número 2 do artigo 13 queda redactado da seguinte maneira:

«2. Como xestora do Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa, a Compañía Española de Financiamento do Desenvolvemento, COFIDES, Sociedade Anónima desenvolverá as mesmas accións establecidas no artigo 5.2 deste real decreto para o caso do Fondo para Investimentos no Exterior, aínda que a referencia que a subalínea d) fai ao artigo 114.un da Lei

66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, se debe entender feita ao artigo 115.un da mesma lei.»

Disposición derogatoria. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de febreiro de 2016

FELIPE R.

O ministro de Economía e Competitividade,
LUIS DE GUINDOS JURADO